

Actividades Extraescolares - CEIP XUNQUEIRA 1 – Curso 2022/23

ACTIVIDADES	DESTINATARIOS	DÍA	HORA	ESPAZO	PREZO SOCIOS	PREZO NON SOCIOS
INGLÉS (ACTIVIDADES ORAIS E LÚDICAS)	Infantil	Luns	16:30 a 17:30	Aula extraescolares	15€ 15€	18€ 18€
INGLÉS ACTIVIDADES ORAIS E LÚDICAS	1º a 2º Primaria	Martes	16:30 a 17:30	Aula extraescolares	15€	18€
INGLÉS CONVERSA	3º a 6º Primaria	Mércores	16:30 a 17:30	Aula extraescolares	15€	18€
DEBUXO E PINTURA	Primaria	Xoves	16:30 a 17:30	Comedor	18€ material básico incluído	21€ material básico incluído
SKATEBOARD (monopatín)	Primaria	Xoves	16:30 a 17:30	Pavillón	15€	18€
COMUNÍCATE COA LINGUAXE DE SIGNOS	2º a 6º Primaria	Mércores	16:30 a 17:30	Comedor	18€	21€

BREVE DESCRCIÓN DAS ACTIVIDADES:

INGLÉS (ACTIVIDADES ORAIS E LÚDICAS): Actividade para potenciar o uso do inglés oral coa fin de que non supoña un esforzo para o neno/a. Cunha metodoloxía baseada no uso de xogos, medios audiovisuais, cancións, xogos teatrais... para crear un espazo de expresión e comunicación que favoreza a aprendizaxe do idioma de maneira natural e divertida.

INGLÉS CONVERSACIÓN: Esta actividade está enfocada a familiarizar ao/a alumno/a co inglés, favorecendo a súa aprendizaxe a través da conversa. Traballarase o uso do idioma a través de diferentes dinámicas de comunicación oral que lle permitan falar, escoitar e expresarse en inglés de xeito fluído.

DEBUXO E PINTURA: A través da experimentación coas diferentes técnicas do debuxo e a pintura o neno/a descobre un mundo cheo de cores, formas, trazos... Non só estimula a súa imaxinación e creatividade, senón que, ademais, ensínalle a expresar emocións, sentimentos, mellora a súa comunicación e aumenta a súa capacidade de concentración.

SKATEBOARD: É unha actividade deportiva, derivada do surf, que axuda a desenvolver o equilibrio e o control corporal a través de movementos e exercicios realizados sobre unha táboa. Esta práctica implica dunha banda unha correcta coordinación sensorio-motriz e doutra a aprendizaxe do control sobre o risco: mellorando a coordinación e o equilibrio dos/as participantes, minimizando continxencias e mellorando o nivel persoal de cada un.

COMUNÍCATE COA LINGUAXE DE SIGNOS: A actividade ten como finalidade que os/as nenos/as adquiren unha nova ferramenta de comunicación traballando ao tempo a memoria visual, a psicomotricidade, a axilidade mental, a capacidade de análise a creatividade. Aprendendo a utilizar a lingua de signos española dende unha metodoloxía lúdica.

FUNCIONAMENTO DAS ACTIVIDADES:

DATA DE REALIZACIÓN: De outubro de 2022 a xuño de 2023. As actividades extraescolares réxense polo calendario escolar. Nos días que coincidan con festivos ou días non lectivos non haberá clase nin serán recuperables, e o importe da cota manterase invariable todos os meses do curso escolar.

FORMA DE INSCRICIÓN: Para poder comezar nas actividades en outubro é necesario entregar a ficha de inscrición debidamente cumprimentada antes do día 26 de setembro por calquera destes sistemas: **por correo electrónico a extraescolares@anias.es** ou **directamente na oficina de Anias**. Durante o curso escolar a inscrición farase polo mesmo sistema antes do día 20 do mes anterior.

COBROS: As actividades extraescolares cobraranse por medio de domiciliación bancaria **nos primeiros quince días do mes**.

-No caso de devolución de recibos sumarase 1,10€ por cada un, polo cargo do banco de gasto de devolución.

-No caso de dous recibos devoltos consecutivos darase de baixa automaticamente ó/á menor no programa, non podendo asistir ó mesmo ata o pago da contía correspondente.

BAIXAS: Para darse de baixa nunha actividade será necesario facelo por escrito, antes do día 20 do mes anterior á mesma. Respecto ás baixas comunicadas posteriormente a dita data non poderán ser efectivas ata o mes seguinte polo que se efectuará o cargo do pago mensual correspondente. O formulario de baixa pódese solicitar por teléfono, correo electrónico ou de forma presencial na nosa oficina.

PARTICIAPACIÓN DE ALUMNOS/AS DO CEIP XUNQUEIRA 2: Os/as nenos/as escolarizados no CEIP Xunqueira 2 poderán participar nas actividades ofertadas no CEIP Xunqueira 1. No caso de que o/a menor asista ao comedor no día da actividade, será obrigatorio cubrir o apartado correspondente na folla de inscrición para autorizar ó/á monitor/a a recollelo/a e trasladalo/a dun colexio a outro, no caso de ser necesario.

CONTACTO ANIAS:

Oficina: Rúa Echegaray nº 39 baixo, Pontevedra. **Teléfono:** 986 864 598. Horario de mañá: 9:00 a 14 horas.

Tardes atención telefónica nos teléfonos: 685 535 202 (Cristina), 649 34 64 57 (Ana)

Correo electrónico: anias@anias.es / extraescolares@anias.es



INFORMACIÓN IMPORTANTE SOBRE O INICIO DAS ACTIVIDADES:

A EMPRESA SOAMENTE AVISARÁ ÁS FAMILIAS ANOTADAS EN ACTIVIDADES QUE SE CANCELEN POR NON CHEGAR AO MÍNIMO DE INSCRICIÓN. NO RESTO DOS CASOS NON SE COMUNICARÁ O INICIO DE CADA ACTIVIDADE, ENTENDENDO QUE DARÁN COMEZO NO MES DE OUTUBRO NOS DIAS, HORARIOS E LUGARES INDICADOS NO CALENDARIO.